

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEDA

Exposición pública do padrón fiscal da taxa de auga e saneamento do 2º trimestre de 2026

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xuño de 2026 aprobouse o padrón fiscal de contribuíntes pola taxa de subministración de auga potable, sumidoiros e demais conceptos que a integran, correspondente ao 2º trimestre do 2026, segundo o seguinte resumo:

Concepto	Importe (€)
Auga	30.052,98
Saneamento	16.363,40
Depuración	20.448,75
IVE (10%)	6.688,51
Canon da auga	16.961,86
Importe total	90.515,50

Exposición: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP, o cal ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación

Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinar os padróns e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Cobro: A empresa concesionaria do servizo (Viaqua. Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU) remitirá ó enderezo dos contribuíntes un recibo co obxecto de que o seu importe sexa ingresado, tal como se establece no dito recibo, é dicir no prazo de DOUS meses a partir do seguinte á publicación no BOP. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Así mesmo faise constar que o cobramento do canon da auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga.

Os contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira, os recibos seranlles cargados no conta por eles indicada, transcorridos QUINCE DIAS despois de iniciado o período de cobramento.

Finalizado este prazo iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de constrinximento, logo de devindicarse a recarga de prema, xuros de mora e, no seu caso, os custos que se produzan.

No que respecto ó canon de auga, a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente o contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda da Xunta de Galicia) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante padrón.

Recursos: Contra o presente acordo, que é definitivo na vía administrativa, poderá interpor no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal de Instancia sección Contencioso-Administrativa Praza de Ferrol, consonte ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición. Tamén poderá facer uso, con carácter previo e potestativo, do recurso de reposición establecido no artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) en relación co artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas;

a exercer no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante a Xunta de Goberno Local deste Concello; sen prexuízo de que así mesmo poida utilizar calquera outro recurso que considere axeitado a dereito.

Contra as liquidacións tamén poderá interpor, ante o mesmo órgano, o recurso de reposición, no prazo dun mes, (igualmente contado desde o día seguinte o da notificación) ó que se refire o artigo 108 da LBRL, e o artigo 14.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, debendo terse en conta as condicións e circunstancias, previstas neste artigo.

Contra a resolución expresa ou tácita do recurso de reposición poderá interpor recurso contencioso-administrativo ante o ditos Xulgados, nos prazos e forma indicados no parágrafo primeiro.

Vila de Neda, 19 de xuño de 2026

O alcalde

Angel Alvariño Saavedra

2026/4201